

RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2017, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, convocado pola Orde do 12 de abril de 2016 (DOG núm. 84, de 3 de maio de 2016), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do terceiro exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 23 de maio de 2017 o tribunal nomeado pola Orde do 24 de novembro de 2016 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, acordou, de conformidade co disposto na base II.1.2.6 da convocatoria, que o terceiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día vinte (20) de xuño de 2017, na aula nº 11 da Escola Galega de Administración Pública, en chamamento único que se iniciará ás 16:00 horas.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal e bolígrafo de tinta azul. Serán provistas de calculadora polo tribunal, quedando prohibido o uso doutras distintas das que se lles faciliten

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017

O presidente do tribunal

  
Manuel Mateos Díaz

